



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Febreiro 2026 • Nº 308



DÍA DE ROSALÍA... 23 FEB'26

■ Vedra forma parte do Mecenado da Fundación Rosalía de Castro e súmase á súa programación conmemorativa.

Toda a información na web rosalia.gal

FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o concello de Vedra.

• NO MES DE FEBREIRO: O MARTES 17.

Obrigatorio asistir con cita previa.

Reservas no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 horas).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

SABÍAS QUE...

■ A CAMPAÑA DE COMPOSTAXE EN VEDRA ACADOU UNS EXCELENTES RESULTADOS NO 2025!



2025: Un logro colectivo

268 fogares sumáronse á compostaxe na casa

máis de 1000 persoas xa compostan os seus residuos

máis de 135 toneladas de residuos orgánicos evitaron ser incinerados ou depositados en vertedoiros


37 toneladas de compost nas nosas hortas e xardíns

2 voltas ao mundo en coche, é o equivalente do CO₂ que evitamos emitir á atmosfera

Grazas á veciñanza!

No 2026: cada fogar un composteiro

TELÉFONO DA COMPOSTAXE
623 932 143





ASÍ FOI MUNICIPAL



Visita das Súas Maxestades de Oriente a Vedra.



Música a cargo de Moc, Moc na visita dos Reis Magos a Vedra.



Espectáculo infantil "O Xavi Longueirón, máis música".



Presentación do libro infantil "Sansón o último salmón" escrito por Ramón Blanco Calvo e ilustrado por Teresa Tato Cabaleiro, ambos do noso concello.



Proxección da curtametraxe "Raíces, da Utopía en adiante" coa participación de Feitoría Verde, Illa Bufarda e a AAVV O Regueiriño de Biduído



Unha nova entrega de composteiros en Vedra.



Entrega do cadro "Otoño" de Rafael Macías ao Concello de Vedra.



Comitiva de Vedra no acto de presentación do Entroido Tradicional da Ulla, que tivo lugar este ano en Silleda.



Vedra en FITUR.



Vedra presentando "Camino de Inverno" en FITUR 2026, en nome dos 20 municipios que o integran.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Concerto de Nadal da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Charla sobre IXP Castaña de Galicia.

De Interese

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha anomalía na iluminación pública municipal chama ao 699 304 702 para así poder arranxala.



PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugalllos voluminosos.



Trátase dun servizo gratuito que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.



XXX Vedra 2026 xornadas arredor da **CAMELIA**

Domingo 1 febreiro

XV BTT Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla
(CC Ribadulla).

Venres 6 de febreiro ás 20:00 h.

Mesa redonda:
"Ideas para arranxos florais con camelias para exposición"

Intervenien:
M^a Elena Nogueira Rivadulla (Coleccionista)
M^a Encarnación López Seoane (Coleccionista)
Abelardo Barcala Torrado (Coleccionista)
Lugar: Centro de Emprendemento A Estación.

Sábado 7 e domingo 8 de febreiro

X Carreira por Montaña "A Camelia" (CDM Vértice).

Xoves 12 de febreiro

20:00 h. Charla-coloquio:
"Cultivo de camelias para a elaboración de té"

Intervenien:
Pilar Vela e Ana Neves (Estación Fitopatolóxica de Areeiro)
Lugar: Centro de Emprendemento A Estación.

Sábado 14 de febreiro

Obradoiro "Camelias de papel" (Festa Studio + Delio Sánchez)

De 16:00 a 18:00 h. Infantil, +8 anos.
De 18:00 a 20:00 h. Adult@ +16.

Lugar: Casa das Artes de Vedra.
Inscripción previa en www.concellodevedra.gal
Prazas limitadas - Gratuito.
Co resultado realizarase unha exposición na xornada da camelia.

Sábado 21 de febreiro

11:30 h. "Explorad@res de camelias". Ruta por lugares de interese histórico e botánico de Vedra

Inscripción previa en www.concellodevedra.gal.
Prezo: 10 €. Prazas limitadas.

17:00 h. Obradoiro creativo infantil e familiar
"Ornamentación con camelias"

Inscripción previa en www.concellodevedra.gal.
Prazas limitadas - Gratuito.

Domingo 22 de febreiro

12:00 h. Apertura da **EXPOSICIÓN DE CAMELIA**.

13:00 h. INAUGURACIÓN.
Irmandade con Salceda de Caselas.

Entrega de agasallos de participación para as mostras de flor e ornamentación con camelia.

13:30 h. Actuación da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla do Concello de Vedra.

17:00 h. Espectáculo infantil e familiar: "Danzamos no verán" con Xoan Curiel.

Entrega de premios do Concurso de Pintura da Camelia.

18:00 h. Cerimonia do té

(Beatriz Piñeiro - Xardín de té, Pazo Quintero da Cruz).
Degustación de té.

19:00 h. Concerto "XXX anos de Xornadas da Camelia": Grupo A Misela
(Noia - Música popular iberoamericana e galega)

20:00 h. Peche da xornada.

Ao longo da xornada contaremos con:
• "Obradoiros creativos con Camelia" (infantil e familiar)
• "O sabor da camelia": degustación de petiscos e té.
• Postos de artesanía.



Sábado 28 de febreiro

12:00 h. Plantación conmemorativa de camelias na Avda. Mestre Manuel Gómez.

*Acto en recordo a Jesús Barral Albela, nos 10 anos do seu pasamento.
*Actuación do grupo de Pandeireteiras Silandeira.

Sábado 14 de marzo

EXCURSIÓN-SAÍDA A SALCEDA DE CASELAS.

Visita á exposición da camelia e a lugares de interese da zona.

Inscripción previa en www.concellodevedra.gal.
Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida...) Prazas limitadas.

EN FEBREIRO... EN MÉXICO CON ALBA LEMA SEOANE

■ **Protagonista:** Alba Lema Seoane , veciña de San Mamede de Ribadulla.

Destino: Puebla de Zaragoza (Cidade de México) América do Sur.

Partida: Ano 2019

Obxectivo: Foise por un intercambio estudantil da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Decidiuse a quedar para realizar alí o seu TFG e o seu mestrado sobre saúde mental.

Realizadas estas primeiras metas aventurouse a abrir o seu propio consultorio no que a día de hoxe traballa unha equipa multidisciplinar de 16 persoas (neuroloxía, estimulación)

Reflexión: “É moi bonito estar nun lugar tanto tempo que cando llo ensinas “á túa xente” falo como si lle ensinas a túa casa e falo con ollos diferentes”.

Anécdota: Cando tivo que quitarlle un vaso de auga da billa, case dun empurrón, a súa irmá, que estaba de visita, para recordarlle, case berrando, que non estaban na casa e iso polo ben da súa saúde non se debía facer alí!



Información sobre a sección...

Cada mes contaremos unha historia sobre alguén de Vedra que traballa e/ou estuda fóra do noso territorio.

Cóntanos a túa experiencia ou a de alguén que coñezas... para así coñecer e difundir máis experiencias de vedreses e vedresas polo mundo.

Escríbenos a cultura@concellodevedra.gal ou envía un whatsapp ao 663 893 398.

Deporte

ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 21 DE FEBREIRO

■ A vindeira ruta será o día 21 de febreiro dende Quireza ata A Estrada.

LUGARES E HORARIOS DE RECOLLIDA do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas.
- Parada no Breixo ás 07:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas.
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas.

INFÓRMATE SOBRE ESTA ACTIVIDADE NO TELÉFONO 981 814 691





COWORKERS EN VEDRA!

■ Nesta ocasión queremos presentarvos a Roberto Casal, o último coworker incorporado o Centro de Emprendemento A Estación.

Roberto atopou en A Estación o espazo perfecto para crear, ensaiar e deseñar os seus proxectos.

Coñeceremos cal foi o seu camiño ata aquí, que o moveu a buscar un lugar como este, e cales son as súas expectativas nun espazo que considera fundamental para os profesionais das artes escénicas no rural pero... que nolo conte el mesmo:

Quen son?

Son profesional autónomo das artes escénicas. Son director, actor, profesor, construtor e manipulador de monicreques. Son membro co fundador xunto a Sofía Espiñeira de Teatro O Cubo. Teño formación na escola superior de arte dramática de Vigo na especialidade de Grao en dirección escénica e Técnico superior en animación sociocultural.

Como cheguei ao Centro de Emprendemento A Estación?

Cheguei á estación porque buscaba un lugar onde acabar de realizar a nosa última montaxe teatral con Teatro O Cubo. Alí atopamos un espazo amplo e fantástico para traballar, crear e ensaiar. Este tipo de espazos para os profesionais das artes escénicas é un tesouro. Ademais puiden comprobar que na estación non só había espazos para ensaiar, senón tamén para sentar, pensar, reunirse e deseñar vindeiros proxectos. Un lugar increíble e o máis importante, preto da casa. Son veciño do concello de A Estrada. Aínda que resido á outra beira do Ulla mantéñome moi preto da Estación. Esta particularidade é fundamental para as persoas que pensamos que o rural é o sitio onde vivir e desempeñar o teu labor, incluso as artes escénicas.



Que espero?

Medrar como profesional. Manter unha coherencia coa decisión de vivir no rural con todas as consecuencias. Colaborar para consolidar o proxecto de A Estación como espazo de traballo compartido. Que a comunidade de Vedra poida coñecer e gozar o noso traballo.

■ E LEMBRA...

Que no centro de Emprendemento A Estación ofrecemos un espazo de traballo onde poder compartir o día a día con outras persoas promotoras. Contamos con salas de reunións e espazos para presentacións e para recibir a clientes ou provedores.

Tamén apoiamos os proxectos de emprendemento con formación e acompañamento. Formamos parte da rede de espazos de coworking da Deputación de A Coruña e así tamén podes empregar os centros noutras localidades e ampliar a rede de contactos.

Se queres máis información podes contactar con nós no correo electrónico aestacion@concellodevedra.gal ¡gustaríanos coñecerte!



Voluntariado

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL NO MEDIO RURAL

■ Este programa de voluntariado pioneiro vaise levar a cabo na realidade do Concello de Vedra e está dirixido a xoves de 16 a 35 anos e persoas maiores de 55 anos. A acción voluntaria realizarase por parellas, é dicir un mozo/a e un/ha persoa maior. É un programa que busca unha aportación social e comu-

nitaria importante para o territorio.

Ten por obxectivos xerais:

- Poñer en valor as achegas das persoas voluntarias como recurso fundamental dentro da nosa comunidade.

Continúa na páxina 7

- Promover accións interxeracionais que fomenten a relación entre distintas xeracións e o intercambio de coñecementos.
- Crear un programa para levar a cabo accións que poñan en valor o concello de Vedra a nivel patrimonial, cultural e social.

Consta de tres liñas de acción:

- **LIÑA TURÍSTICA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO. PROXECTO "VEDRA NA MEMORIA".** Fortalecer o vínculo entre o patrimonio, a historia e a veciñanza, a través da recuperación e posta en valor do legado arquitectónico e visual.
- **LIÑA AGROALIMENTARIA E PRODUCCIÓN SUSTENTABLE: PROXECTO "O SABOR DA CAMELIA".** Explorar as utilidades gastronómicas da camelia como elemento de innovación e de posta en valor dos recursos locais.

- **LIÑA DE COHESIÓN TECNOLÓXICA E DIXITAL: PROXECTO "COUSA BOA, VOCES DE VEDRA".** Crear un espazo radiofónico de encontro, conversa e aprendizaxe comunitaria.

As persoas voluntarias contarán con: formación, seguro de R.C. e de accidentes, gastos de desprazamento e manutención cubertos, certificación da experiencia...

Esta iniciativa conta co apoio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2026.

Máis información en voluntariado@concellodevedra.gal

Servizos Sociais

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

- **Escola de Saúde: "Dor crónica: manexo da dor articular, lumbar e muscular"**

Xoves 5 de febreiro ás 20:00 h.
no Centro Social.

- **Baile de Entroido**

Venres 13 de febreiro ás 19:00 h.
no Centro Social.

Concurso de disfraces, cantos tradicionais, contos, show de bailoterapia, larpeiradas...

Actuación musical de Marietta.



- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz** Mércores 25 de febreiro.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 9 de febreiro de xeito presencial no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

- **Bingo**

Xoves 26 de febreiro ás 20:00 h.

- **Obradoiro de informática "Nómades dixitais, nivel básico e avanzado"**

As persoas interesadas deben inscribirse ao longo do mes de febreiro.

Imparte: Instituto da Familia.

- **Excursión a Fátima (Portugal), con visitas a Aveiro, Nazaré, Batalha e Alcobaça**

10, 11 e 12 de marzo. (3 días, 2 noites). Prazas limitadas. Inscricións a partir do luns 2 de febreiro ás 20:30 h.



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).

2. Libre concorrência: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 1 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

LUDOTECA

■ Dende programa Corresponsables Conxuga tratamos de deseñar sistemas integrais de coidado desde unha perspectiva de xénero e de dereitos humanos que promovan a corresponsabilidade entre mulleres e homes, concello, familias e comunidade. Para desenvolver este programa, deseñamos actividades que este mes céntranse na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas e obradoiros:

- Xogando en valores
- Obradoiro de entroido, miúdos artistas
- Móvete e baila
- Compañeiros/as de xogo
- Superchef entroido.



Muller

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL “CHICAS NUEVAS 24 HORAS”

■ Neste mes de febreiro, desenvólvese unha actividade dirixida a toda a cidadanía, a proxección do documental **CHICAS NUEVAS 24 HORAS** o día 27 de febreiro ás 19.00 horas no Centro Social de Vedra.

O documental dirixido por MABEL LOZANO realiza unha investigación en cinco países (Arxentina, Colombia, Paraguai, Perú e España) sobre o negocio da escravitude sexual, a través do testemuño de mulleres e nenas. Reconstrúe así un negocio que move 32 mil millóns de dólares ao ano. A ONU calcula en 2,4 millóns as vítimas de trata de seres humanos, das cales o 79 % son mulleres e nenas que foron introducidas en Europa para ser explotadas sexualmente.

Enganadas coa promesa de conseguir unha vida mellor, son explotadas sexualmente contra a súa vontade. Concienciar a gobernos, medios de comunicación e cidadanía pode axudar a erradicar a escravitude sexual.

Premios

- 2015: Premios Goya: Nomeado a mellor documental.
- 2016: Premios Platino: Nomeado a mellor documental.

Haberá un debate coloquio posterior á proxección.

Así mesmo, estará dispoñible unha exposición fotográfica no Centro Social de Vedra do 16 ao 28 de febreiro en torno á escravitude sexual con igual título **CHICAS NUEVAS 24 HORAS**.

Tamén se desenvolverá unha unidade didáctica no CPI de Vedra co alumnado de 3º e 4º da ESO o mércores 25 e o xoves 26.



AXENDA ENTROIDEIRA NO CONCELLO DE VEDRA

■ Entroido en Vilanova: Sábado 7 de febreiro.

COMITIVA CO CORO DE BONITO E
PARRANDA DE VELLOS,
CORREOS E XENERAIS...
CÁNTICOS, VIVAS, TROULA
E MOITAS SORPRESAS...

**SÁBADO
7
Febreiro**

Percorrido por toda a
parroquia a partir das
10:00 h.

**XENERAIS
DA ULLA**

ATRANQUES EN PICÓN
AS 20:00 H.

Organiza: Unión
Carnavalesca
de Vilanova

Colabora: Concello
de Vedra

■ Entroido en San Xián de Sales: Sábado 21 de febreiro.

**SÁBADO 21
FEBREIRO**

SAÍDA DO CAMPO DA FESTA AS 11.00H DOS COROS
COMPARSAS, CORREOS E XENERAIS,
ACOMPANADOS POLO GRUPO "SON DE GAITA".
ATRANQUES A PARTIR DAS 19:30H.

FIN DE FESTA CO DUO
REFLEJOS

IMPORTANTE: TODAS AS CARROZAS QUE QUIRAN PARTICIPAR DEBERÁN
AMOTARSE NO NÚMERO: 619389223 (PAULA), E MANDAR O SEGURO ITV E
CARNE DO CONDUTOR EN VIGOR.

■ Entroido en Trobe: Domingo 22 de febreiro.

CORO DE BONITO E
PARRANDA DE VELLOS,
CORREOS E XENERAIS...
CÁNTICOS, VIVAS
E MOITAS SORPRESAS...

**DOMINGO
22
Febreiro**

Percorrido por toda a parroquia a
partir das 11:30 h.
Punto de encontro: Local Multiúsos

**XENERAIS
DA ULLA**

Organiza: A.C. e de
Festexos de
Trobe
"Virxe do Carme"

Colabora: Concello
de Vedra

FESTA DA CACHEIRA EN VILANOVA O SÁBADO 14 DE FEBREIRO COA COMISIÓN DE FESTAS



FESTA DA CACHEIRA '26 SAN PEDRO DE VILANOVA SÁBADO 14 DE FEBREIRO ÁS 14 H

RESERVAS ATA O 11 DE FEBREIRO
NA CANTINA DE PICÓN
OU NOS TELÉFONOS:
• 669 915 276 (LOBATO)
• 666 754 350 (SILVIA)

MENÚ:
COCIDO COMPLETO
+ FILLOAS + POSTRE + CAFÉ
*HABERÁ QUEIMADA!

PREZOS:
PERSOAS ADULTAS: 30 €
DE 10 A 16 ANOS: 15 €
MENOS DE 10 ANOS: GRATIS

**CON BINGO
E ESPECIAL
SAN VALENTÍN**

ORGANIZA:
COMISIÓN DE FESTAS DE GALEGOS

ASOCIACIÓN A CASA DA IRMANDADE CONCERTOS O SÁBADO 7 DE FEBREIRO

a casa da irmandade

7/2/26 **apertura de portas 21:30h**


¡DESASTRE!
punk/SDC

BOLA RAPIDA
hrc melodico/ Coruña

TPM
punk /Coruña

entrada inversa


Concello de Vedra




ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS TEATROFILIA 2026 DO 6 AO 28 DE MARZO

■ A Asociación Cultural Papaventos xa ten os carteis gañadores para anunciar a XXI Mostra de Teatro Amador de Vedra Teatrofilia 2026.

O Cartel gañador é de Patricia Riveira Laceiras:



O Cartel gañador do accésit infantil é do grupo de 2º de Educación Primaria do CPI Plurilingüe de Vedra:



Teatrofilia
XXI Mostra de Teatro
Amador de VEDRA

OLLO... No seguinte exemplar do boletín chegará a programación completa deste certame!!

ASOCIACIÓN DA TERCEIRA IDADE O BURGO – VEDRA

■ Este colectivo comeza o 2026 con moita enerxía e unha completa axenda:



- Todos os mércores, de 17:00 a 18:00 h, baile en liña na Casa da Cruza (San Xián de Sales)

- Xantar con desfile de disfraces o domingo 8 de febreiro no Hotel Congreso.

- Do 19 ao 22 de marzo, excursión a Lisboa. Prazas limitadas.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS NO TELÉFONO
639 811 666.

CLUB OLÍMPICO XI DÚATLON VEDRA 2026 O 14 DE MARZO



CANDEAS 2026

■ En Santa Cruz de Ribadulla o domingo 1 de febreiro. Ás 12:50 horas bendición das candeas. Seguidamente misa cantada pola Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla. Ao rematar sesión vermú e despois xantar parroquial.



SAN BLAS 2026

■ En San Mamede de Ribadulla os días 7 e 8 de febreiro.

O sábado 7 febreiro ás 13:00 horas misa solemne en honor a San Gregorio.

Domingo 8 febreiro:

- Ás 12:00 horas actuación da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla no recinto da capela.
- Ás 13:00 horas misa solemne en honor a San Blas.
- Ás 14:00 horas sesión vermú e "Concerto da Banda de Música" no campo da festa con degustación de tapas caseiras.



Parabéns

AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Polo seu formidable inicio de ano no Campionato Galego de Dúatlon Cros con 3 de 3 en podios por equipos, e cinco medallas individuais que referendan un in mellorable inicio de tempada na 1ª proba do 2026 para o "Campionato Galego da Federación Galega de Triatlón" celebrada en Vimianzo no pasado mes de xaneiro.

Nesta xornada o equipo do Club Olímpico acadou os seguintes excelentes resultados:

A nivel equipo

- Equipo absoluto feminino: Campioas galegas
- Equipo absoluto masculino: Bronce galego
- Equipo cadete-xuvenil-júnior: Subcampións galegos

A nivel individual:

- Hugo Cea – Campión galego júnior
- Pedro Iglesias – Subcampión galego júnior

- Elena Otero – Subcampioa galega Veterana 2
- Miguel Castro – 3º xuvenil
- Lucía Taboada – 3ª xuvenil



Equipo absoluto feminino, campioas galegas.



Equipo cadete - xuvenil - júnior, subcampións galegos.



Equipo absoluto masculino, bronce galego.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS